



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Expediente nº: 808/2019

Acta de Constitución do Concello

Procedemento: Acta de Constitución do Concello

Data e hora da reunión: 15 de xuño de 2019, ás 12 horas

Lugar de celebración: Salón de Plenos do Concello

Documento asinado por: O Alcalde, A Secretaria

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO CONCELLO

1.- CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

A Secretaria Municipal manifesta que o obxecto da presente sesión é proceder á constitución do novo Concello de Foz en función dos resultados producidos o pasado día 26 de maio de 2019, cando se celebraron as votacións para a renovación da totalidade dos membros das Corporacións Locais.

A continuación procede en primeiro lugar á lectura dos preceptos legais reguladores do acto, relativos aos requisitos que deben ser cumprimentados polos concelleiros electos con carácter previo á toma de posesión do cargo, con especial referencia aos seguintes artigos:

“ Art. 195 da LOREG:

1. *As Corporacións municipais constitúense en sesión pública ou vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se tivera presentado recurso contencioso electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, en cuxo suposto se constitúen no cuadraxésimo día posterior ás eleccións.*
2. *A tal fin, constitúese unha Meda de idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como Secretario o que sexa da Corporación.*
3. *A Mesa comproba as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos electos con base ás certificacións que o Concello remitirá á Xunta Electoral de Zona.*
4. *Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación se concorren a maioría absoluta dos Concelleiros electos. En caso contrario, celebrarase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calquera que fora o número de concelleiros presentes”.*

“Art. 108.8 LOREG: *No nomeamento de tomas posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas leis ou regulamentos respectivos”.*

“Art. 75.7 LBRL: *Os representantes locais, así como os membros non electos da Xunta de Goberno Local, formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poda proporcionar ingresos económicos.*

Formularán asemade declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedade de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos da renda, patrimonio e no seu caso, sociedades.

Tales declaracións, efectuadas nos modelos aprobados polos plenos respectivos, levaranse a cabo antes da toma de posesión, con ocasión do cese e ao remate do mandato, así como cando se modifiquen as circunstancias do feito”.

A Secretaria fai constar que recibiu por parte da Xunta Electoral de Zona certificación acreditativa dos Concelleiros proclamados neste municipio (acta de proclamación de candidatos).



A continuación procede a identificar aos Concelleiros de maior e menor idade para a constitución da Mesa de Idade, quedando integrada polos Concelleiros seguintes:

- D. José Antonio Hermida Fernández, Concelleiro electo de maior idade, que actúa como Presidente.
- D^a. Inés López Couto, Concelleira electa de menor idade, que actúa como Vocal.

Toma a palabra o Presidente da Mesa de Idade, D. José Antonio Hermida Fernández, e declara aberta a sesión para a constitución do Concello de Foz, e manifesta que de seguido a Secretaria Municipal chamará de forma individualizada a cada un dos Concelleiros electos a efectos de acreditar a súa personalidade.

A continuación toma a palabra a Secretaria Municipal e manifesta que vai proceder a chamar a todos e cada un dos Concelleiros electos pola orde que aparecen na acta de proclamación de candidatos expedida pola Xunta Electoral de Zona do 6 de xuño de 2019 e as actas de proclamación de electos de 11 de xuño de 2019.

Concelleiros electos asistentes:

- D. Francisco Cajoto Caserio (PSdeG-PSOE)
- D. Héctor Moris Fernández (PSdeG-PSOE)
- D^a. Acela Verónica Peña Castiñeira (PSdeG-PSOE)
- D^a. Ana Matea Rojo Eijo (PSdeG-PSOE)
- D. José María Linares Rodríguez (PSdeG-PSOE)
- D^a. Inés López Couto (PSdeG-PSOE)
- D. Carlos García Rodríguez (PSdeG-PSOE)
- D. Javier Jorge Castiñeira (PP)
- D. Juan José Rivas Nécega (PP)
- D^a. Laura Riveira Balseiro (PP)
- D. José Antonio Hermida Fernández (PP)
- D^a. Verónica Soto Piñeiroa (PP)
- D^a. Concepción López Seijas (PP)
- D. Francisco Xavier Fanego Bermúdez (BNG)
- D^a. Gema Méndez Leivas (BNG)
- D. Iago Villamil Cajoto (BNG)
- D. Victor Couto Barrientos (FPF)

Unha vez acreditada a personalidade, compróbase o número de asistentes e acto seguido a Secretaria Municipal manifesta que existe quórum suficiente para a celebración da sesión.

Da conta de que a totalidade dos Concelleiros electos formularon declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre actividades que proporcionan ou poden proporcionar ingresos económicos e a declaración de bens patrimoniais e da participación en sociedades, conforme co disposto no artigo 75 da LBRL, e pon a disposición da Mesa para que proceda á comprobación das credenciais presentadas polos Concelleiros electos e das de declaración de intereses formuladas polos mesmos, non apreciando incidencia algunha.

Seguidamente, a Secretaria procede a tomar xuramento aos membros da Mesa de Idade segundo o establecido polo RD 707/1979, cuxo texto literal é o seguinte:

“ Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Foz, con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia? ”, do xeito seguinte:

- D. José Antonio Hermida Fernández: Si prometo.
- D^a. Inés López Couto: Si prometo.





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Deste xeito, queda formalmente constituída a Mesa de Idade.

A continuación a Secretaria Municipal chama individualmente por orde alfabética a cada Concelleiro electo para que preste xuramento ou promesa do cargo, co seguinte texto literal e do seguinte xeito:

“ ¿ Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Foz, con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia? ”.

- Cajoto Caserio, Francisco: Si, prometo.
- Couto Barrientos, Víctor: Si, prometo.
- Fanego Bermúdez, Francisco Xavier: Si, prometo por imperativo legal e comprométo-me a defender os Intereses da veciñanza do pobo de Foz e do pobo galego.
- García Rodríguez, Carlos: Si, prometo.
- Jorge Castiñeira, Javier: Si, xuro.
- Linares Rodríguez, José María: Si, prometo.
- López Seijas, Concepción: Si, xuro.
- Méndez Leivas, Gema: Si, prometo por imperativo legal e comprométo-me a defender os intereses da veciñanza do pobo de Foz e do pobo galego.
- Moris Fernández, Héctor: Si, prometo.
- Peña Castiñeira, Verónica: Si, prometo.
- Rivas Nécega, Juan José: Si, xuro.
- Riveira Balseiro, Laura: Si, prometo.
- Rojo Eijo, Ana Matea: Si, prometo.
- Soto Piñeiroa, Verónica: Si, xuro.
- Villamil Cajoto, Iago: Por imperativo legal, si prometo, e comprométo-me a defender os intereses da veciñanza do pobo de Foz e do pobo galego.

Seguidamente, comprobada a concorrencia da maioría absoluta do número legal de membros de Concelleiros electos (9), o Presidente da Mesa declara constituída a Corporación conforme co artigo 195.4 da LOREG.

Intervén a continuación a Secretaria Municipal para proceder á elección de Alcalde, dando primeiramente lectura ás normas de aplicación (artigo 196 da LOREG):

“Na mesma sesión de constitución da Corporación procédese á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:

- a) *Poden ser candidatos tódolos Concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.*
- b) *Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros, é proclamado electo.*
- c) *Se ningún deles obtén dita maioría, é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente municipio. No caso de empate resolverase por sorteo”.*

A Secretaria indica que a votación pode realizarse a man alzada ou con carácter segredo. No caso de que a votación sexa de carácter segredo, proporcionarase aos Concelleiros uns sobres que conteñen papeletas en branco seladas e asinadas pola Secretaria. A votación farase mediante chamamento individual, por orde alfabética dos Concelleiros, os cales depositarán o voto nunha furna custodiada polo Presidente da Mesa, que vota en derradeiro lugar.

Seguidamente procédese á votación de realizarse a man alzado ou con carácter segredo, dando o seguinte resultado:

Votos a favor da votación a man alzada: unanimidade.



Votos en contra: ningún.
Abstencións: ningunha.

A continuación toma a palabra o Presidente da Mesa, D. José Antonio Hermida Fernández, e manifesta que cede a palabra aos cabezas de lista ou portavoces designados por cada partido, por orde de menor a maior representatividade, para que presenten candidato a Alcalde ou manifesten a súa renuncia.

Ten a palabra o portavoz de FPF: Renuncia.

Ten a palabra o portavoz do BNG: Presentan como candidato a Alcalde a don Francisco Cajoto Caserio (PSdeG-PSOE).

Ten a palabra o portavoz do PP: Non presentan candidatura porque vai haber unha candidatura con maioría absoluta.

Ten a palabra o portavoz do PSdeG-PSOE: Presentan como candidato a Alcalde a don Francisco Cajoto Caserio (PSdeG-PSOE).

Seguidamente pásase á votación, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: (11). (3) BNG; (7) PSOE; (1) FPF.
Votos en contra: (6) PP.
Abstencións: ningunha.

Atendendo ao resultado anterior queda proclamado Alcalde do Concello de Foz o Concelleiro D. FRANCISCO CAJOTO CASERIO, do PSdeG-PSOE, por obter 11 votos que corresponden á maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Seguidamente pola Presidencia pregúntaselle a D. Francisco Cajoto Caserio, si ACEPTA o cargo de Alcalde, ao cal responde que si acepta.

Trala aceptación, a Secretaria Municipal toma do Alcalde xuramento ou promesa de acordo coa fórmula establecida:

“¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde do Concello de Foz, con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia?”.

D. Francisco Cajoto Caserio contesta que si promete.

A continuación polo Presidente da Mesa, D. José Antonio Hermida Fernández, fáiselle entrega a D. Francisco Cajoto Caserio, do bastón de mando deste Concello e indícalle que pode ocupar a Presidencia.

Seguidamente os membros da Mesa de Idade séntanse nos seus escanos e o Alcalde pasa a presidir a sesión.

Toma a palabra a Secretaria Municipal e informa aos membros da Corporación que poden consultar cando o desexen a situación actual do Inventario de Bens da Corporación na Secretaría Municipal. Asemade infórmales que teñen tamén á súa disposición o contido da acta de arqueo, así como das existencias en metálico ou valores propios da Corporación depositados na Caixa Municipal ou entidades bancarias.

A continuación intervén o Sr. Alcalde e di que cede a palabra aos portavoces dos distintos Grupos Políticos Municipais de menor a maior representatividade, e invítaos, se o desexan, a dar unha explicación do seu voto.





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Toma a palabra o portavoz de FPF, Victor Couto Barrientos, e manifesta que eles son fieis ás súas ideas, e apostan por un goberno progresista.

Toma a palabra o portavoz do BNG, Xabier Fanego Bermúdez, que dá os parabéns ao alcalde e aos veciños de Foz por este cambio, e da as grazas a todos os que co seu voto fixeron posible que os tres concelleiros do BNG estean aquí sentados. Apostan por un cambio e investiron ao candidato do PSdG-PSOE á alcaldía porque tamén lles deron a posibilidade de levar a cabo o seu programa, e dicir que esa é a súa única misión, que haxa un cambio en Foz e mellor a vida de todos os veciños e veciñas.

Toma a palabra o portavoz do PP, Javier Jorge Castiñeira, que saúda a todos os presentes e da os parabéns ao alcalde e a todo o amplo equipo de goberno; desexarlles moita sorte e moitos acertos nesta nova andaina, que é unha labor complexa e dillo o que foi alcalde de Foz durante oito anos nunha situación ben complexa, cunha crise importante que pasou o país, pero o Concello tirou para diante e están contentos e orgullosos de haber pasado por isto tan importante para todo o equipo de goberno.

Quere facer un recordo de todas as persoas que o acompañaron, como Manuel Pavón, Pedro Fernández Manín, Mercedes González, Anxel Paleo, Maite López, Silvia. Todos os compañeiros que estiveron con el no equipo de goberno fixeron un bo traballo e incansable. Foron oito anos moi intensos, de moito traballo, de recompoñer as contas, deixando unha liquidez de máis de 3 millóns de euros, oito veces máis do que recibiu no ano 2011, e catro veces menos de débeda da recibida.

Tiveron logros históricos importantes, non so do equipo de goberno, de todas as corporacións, aprobouse o primeiro Plan Xeral deste concello; construíuse e púxose en marcha a nova residencia de anciáns de Foz; cambiouse o centro urbano; fixéronse varios dragados no porto; apostouse polo patrimonio dunha forma increíble, poñendo a San Martiño no segundo punto da Mariña en visitas, con máis de 37.000 visitas ao ano. Síntese tremendamente orgulloso de servir a este pobo, a todos os veciños, a todos os traballadores municipais, ao equipo de goberno e a toda a súa familia. Moitas grazas.

Rematadas as explicacións, toma a palabra o novo Alcalde, Francisco Cajoto Caserío, para pronunciar o seu discurso.

Hoxe é un día de agradecemento e un día que marca a vida persoal dunha persoa, como cando naceron as súas fillas ou cando se casou. Momentos que recordará sempre.

O primeiro agradecemento é para a súa familia, para Alba e para Nuria, que souberon sempre darlle un abrazo aínda que lles roubara estes meses moito tempo que debería ser para elas. Para a súa muller, Aurora, que sempre estivo aí e soportou con paciencia e comprensión, con palabras amables, e sempre cun sorriso, chegar tarde moitos días á casa. Tamén para seus pais, que comprenderon as súas inquedanzas políticas aínda que a súa tendencia era protexelo das insidias e comentarios que ás veces abundan neste mundo. E para o resto da familia, para os que non están, porque xa marcharon, e para a súa aboa, Beatriz, que aínda os acompaña con saúde e que lle deu o abrazo máis agarimoso que un pode recibir cando lle dixo que gañaran as eleccións, aínda que hai días que os anos poden sobre a súa cabeza. O segundo agradecemento que quere facer é para toda a candidatura, para os que saíron elixidos concelleiros e para os que non. A única forma de traballar e de acadar as melloras que queren para Foz é o traballo en equipo, traballo de compañeiros, de persoas que se xuntaron porque tiñan unhas mesmas inquedanzas de mellora do pobo, de atención aos veciños en calquera circunstancia, de servizo público por encima de todo.

O terceiro agradecemento é para todo o PSdG-PSOE, especialmente ao PSdG-PSOE de Foz. Grazas por apostar por el como candidato. Grazas polo traballo de tantas persoas que interviñeron na campaña e que tamén axudaron previamente. Grazas aos que os precederon nesta sala defendendo os mesmos ideais e que hoxe están felices porque volven a tomar o temón para que Foz avance. Grazas aos que poden estar e aos que non poden estar hoxe aquí porque a saúde non os acompaña, como a súa compañeira Ángeles Veiga.

O cuarto agradecemento é para todos aqueles que lles deron a súa confianza depositando a papeleta socialista na urna; grazas por apostar por eles e trasladarlles o seu anhelo de cambio, de mellorar, de apostar por un Foz máis limpo, máis cómodo e que non se esqueza nunca das parroquias.



Asumen o compromiso que adquiriron con eles con lealdade e con gran responsabilidade, porque todos precisan que Foz mellore e que mellore xa; e vaise permitir facerlles unha petición, paciencia, porque certamente hai cuestións que levan máis tempo que outras, estase nunha época de verán complicada, na que se recibe a moitos visitantes, non van ter nin cen días nin quince de marxe, pero explicarán e informarán de todos os pasos e traballarán as horas que fagan falta para que todo aquilo quede organizado e o que falta se organice convenientemente, porque para eles xestionar vai ligado á planificación.

O quinto agradecemento é para todos os concelleiros que os acaban de apoiar, e votar si á investidura socialista, e grazas tamén pola confianza de FPF por un goberno progresista e grazas especialmente ao BNG por querer formar parte dun goberno de esquerdas e plural. Foz necesita estabilidade, necesita que todas as forzas políticas traballen conxuntamente, facendo equipo e mirando polos intereses do pobo. Os veciños van agradecer e van saber valorar o que vai supoñer un goberno global, sen intereses persoais e que aposte polo ben común.

Para rematar quería facer unha mención especial a unha frase que lle dixo unha señora o outro día, e que lle repetiron con distintas variantes: “Eu non te votei pero deséxoches moita sorte, toda a do mundo, porque a túa sorte vai ser a de Foz e a de todos nos”. Iso é o que quere, o que queren, ser o mellor goberno para todos, para os que os votaron e para os que non; van ter un gran equipo traballando por Foz, e a el, que é un veciño coma calquera, coas portas abertas do despacho e encantado de recibir. Moitas grazas e unha aberta.

Rematado o mesmo , o Alcalde-Presidente levanta la Sesión sendo as doce horas e trinta minutos do cal como Secretaria dou fe.-

A SECRETARIA,
Antía Pena Dorado.

O ALCALDE
Francisco Cajoto Caserio.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

